

## ÁLVARO CUNQUEIRO

A eternidade para aquel que xorde en primavera  
de dentro das fontenlas,  
cando a auga mente transparencias mortas  
ou no fondo dos alxibes invoca un rostro o nadir.  
A memoria, que dorme en cada cousa,  
entra tamén nos homes se recordan.  
A ti os amieiros recobrados no outono,  
as herbas que terá de peitear o vento  
e o corazón dourado pola folla erma.  
A min os espellos, veladores de sombras,  
os sabores dos acios na última vendima,  
o recordo de abril na horta do casal.  
Agora volverán o ouriol e a cotovía,  
madrugará o cervo para atender amores  
da amiga e do amigo que partiron.  
Que o son da harpa, detido xa nas árbores,  
se introduza no corpo do noivado que soñía:  
o claro da mañá para el;  
agardar as presencias nadas no poema.

DE amar profundamente as frías albas  
morren as pílulas  
e docemente cantan á dona dos mares  
os cinco nomes que lle deu o serán.  
De amar e de acordar como o lume dos días  
que nos deixou ribeiras  
volverás ao meu sono.  
E o día que percorras as roitas do comezo  
deixarás a túa historia nos espazos do medo,  
borraranse na estancia os cadros do perdido,  
o recendo a funcho, o sorriso, a fadiga.  
De amar e envellecer  
coñecerás a noite que espreguiza as chorimas.